



RESUMO DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 21 DE OUTUBRO DE 2009

Ás 10.00 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no [anexo I](#). Xustifican a súa ausencia a Sra. Manso Revilla, o Sr. Martínez Suárez, o Sr. Dopico Calvo e o Sr. Delgado Martín, quen realiza unha serie de consideracións sobre o punto 9 da orde do día desta sesión no escrito xustificativo da súa ausencia.

1. Informe do reitor

O Sr. Reitor comeza a súa intervención dándolles conta aos membros do Consello de Goberno dos temas tratados no Consello Galego de Universidades, que tivo lugar na cidade de Ferrol o pasado día 2 de outubro, e na sesión do Consejo de Universidades, realizada en Madrid o pasado día 5 de outubro. Igualmente, dálles conta do encontro que mantiveron o 19 de outubro na cidade de Santiago de Compostela os Sres. Reitores das tres universidades galegas cos titulares das Consellerías de Educación e Ordenación Universitaria e de Sanidade para a constitución de comisión mixta de formación clínica, en que se tratou como punto central a denuncia que fixo a nosa universidade por incumprimento do protocolo de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Sanidade, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo, para a formación clínica dos estudantes de Ciencias da Saúde, asinado o dezaseis de maio de 2008. O Sr. Reitor, logo de informar dos 22 certificados AUDIT obtidos pola Universidade da Coruña e expedidos pola Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación (ANECA) e as axencias autonómicas, remata a súa intervención dando conta da apertura do curso académico deste ano na nosa universidade na data fixada polo Sr. Presidente da Xunta de Galicia e explicando as razóns polas que a Universidade da Coruña non participou na convocatoria de campus de excelencia internacional, cuxo procedemento está sendo moi criticado polas universidades, especialmente en todo o relativo ás datas de convocatoria e resolución, indicando que a nosa universidade se vai presentar á segunda convocatoria que, con toda probabilidade, será no mes de marzo do ano 2010.



O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Calidade e Novas Tecnoloxías, quen informa da convocatoria dos contratos programa deste ano e tamén da convocatoria dos grupos departamentais de calidade, que presenta novidades a respecto da edición do ano pasado.

O Sr. Reitor informa, en nome da Sra. Vicerreitora de Investigación, da situación actual dos programas de doutoramento da Universidade da Coruña. En relación coa autorización de implantación de programas de doutoramento no curso 2009-2010, recibíronse desde o último Consello de Goberno os informes positivos de verificación da ANECA dos seguintes doutoramentos correspondentes a Enxeñaría Civil, Ciencia e Tecnoloxía Ambiental, Computación, Enxeñaría da Auga, Enxeñaría Industrial, Fotónica e Tecnoloxías do Láser, Innovación, Orientación e Avaliación Educativa, Investigación en Migracións Internacionais, Psicoloxía da Saúde, Tecnoloxías da Información e as Comunicacions, Tecnoloxías Navais e Oceánicas. Igualmente, a Sra. Vicerreitora sinala que se recibiron os informes positivos de verificación dos programas de doutoramento conxuntos de Estatística e Investigación Operativa, Lóxica e Filosofía da Ciencia e Láseres e Espectroscopía Avanzada en Química. Remata indicando que, con isto, todos os programas de doutoramento da Universidade da Coruña obtiveron a verificación positiva. Neste punto concreto tamén interveñen o Sr. Casteleiro Maldonado, o Sr. Pena Agra e a Sra. López Poza.

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais quen lles dá conta aos membros do Consello de Goberno de que se satisfará a solicitude de ampliación do horario extraordinario das aulas de estudo formulada polos representantes de estudantes, de modo que quedarán abertas todas as aulas dos campus de Ferrol e da Coruña ata ás 02:00 h. Igualmente, informa de que a II Feira de Asociacións de Estudantes terá lugar o día 4 de novembro na Facultade de Ciencias Económicas. Sinala que os resultados da convocatoria da Xunta de Galicia para bolsas de colaboración nos departamentos foron escasamente satisfactorios, ao se concederen cinco bolsas dun total de 21 solicitudes. Informou tamén da posta en marcha por primeira vez no Campus da Coruña, pois en Ferrol xa se facía, dun programa de acompañamento de estudantes de intercambio en que participan máis dun centenar de estudantes da UDC.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Ferrol e Relación Universidade-Empresa. En relación coa área de relación universidade-empresa, informa de que ata o día 29 de outubro estará aberta a convocatoria pública de cesión dun espazo para a instalación de empresas no CITIC da UDC, cuxas bases poden localizarse



na páxina de actualidade da UDC desde o seu inicio o pasado día 06 de outubro. Tamén está aberta dende o 09 de outubro a convocatoria para acceso ao viveiro de empresas de base tecnolóxica da UDC, para cubrir dúas prazas, o prazo para a presentación de solicitudes remata o día 6 de novembro. Igualmente, dá conta de que mañá terá lugar unha xornada sobre programas europeos organizada pola OTRI, co obxectivo de fomentar a participación do persoal investigador da UDC en programas europeos de I+D, con participación de relatores moi destacados, pois un deles é Punto Nacional de Contacto de Ciencias Socioeconómicas e Humanidades do 7.º Programa Marco pertencente ao CDTI. Lémbbralles aos membros do Consello de Goberno que os próximos 28 e 29 de outubro terá lugar no campus de Elviña, con maior número de empresas que na edición anterior, a II Feira Europea do Emprego, que se centrará en temas relacionados coa muller e o emprendemento e o papel que xogan as redes sociais na procura de emprego. As casetas situaranse no Pavillón de Deportes e as diferentes actividades vanse realizar nas facultades de Dereito, Ciencias da Educación e Informática. E para rematar, en relación co campus de Ferrol, sinala que se fixo o acto de relevo na dirección da Cátedra Jorge Juan o pasado 8 de outubro, e foi nomeada para tales efectos a Sra. Pérez Pais, profesora da Facultade de Humanidades de Ferrol.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen informa das prazas de profesorado convocadas e cubertas desde a última sesión do Consello de Goberno polo procedemento de urxencia e polo procedemento das listaxes de agarda, que figuran no [anexo II](#).

O Sr. Reitor informa, no nome do Sr. Vicerreitor de Cultura e Comunicación, do nomeamento do Sr. Hervella Nieto como novo director da Oficina de Cooperación e Voluntariado da Universidade da Coruña.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen informa das imputacións de expedientes e da validación de expedientes correspondentes ao ano 2009 que figura no [anexo III](#). Aproveita este punto da orde do día para informar tamén das perspectivas orzamentarias para o ano 2010. Na Programación Plurianual 2009-2010 recollíase unha previsión dunha caída moderada dos ingresos non financeiros por parte da Xunta de Galicia e un compromiso político expreso de aumento do financiamento segundo a subida do PIB. Na presentación da Liquidación do orzamento de 2008, anunciábase que os recursos propios permitían garantir o orzamento do ano 2010 e reforzar en 2009 o Programa de Adaptación ao EEES. Os cambios no contexto dos que se considera oportuno informar son os seguintes: a expectativa de caída dos ingresos non financeiros pasou do 2% en 2009 ao 12% en 2010, e anunciouse



unha caída do financiamento universitario do 2,5% a pesar da previsión de crecemento moderado do PIB. Aínda que as cifras non son definitivas, a caída dos ingresos non afectados da UDC podería superar o 5%. Ante a previsión desta baixada de ingresos, e tendo en conta o crecemento vexetativo do capítulo I, a situación económica será problemática en 2010. Aínda que existe marxe de actuación dada a situación saneada da Universidade, necesariamente terá repercusións nas actuacións previstas en materia de investimentos e de persoal. A previsión é que a situación pode ser crítica no ano 2011 se non se resolve coa negociación do novo plano de financiamento, pero o contexto non é favorable para a súa negociación. Neste contexto véñense tomando medidas de limitar a execución do gasto no capítulo VI este ano, pero mantendo, por consideralo prioritario, o reforzo da adaptación ao EEES, de xeito que neste exercicio se superará o obxectivo dos 2 millóns de euros.

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicexerente do Campus da Coruña, quen dá conta de temas relacionados co persoal de administración e servizos da nosa universidade. Concretamente, da publicación do III Convenio colectivo do persoal de administración e servizos laboral no *Diario Oficial de Galicia* do día 01 de setembro de 2009. Tamén informa de que as convocatorias que foran enviadas para informe foron negociadas co Comité de Empresa, chegándose a un acordo que, sen prexuízo do preceptivo informe e negociación, se for necesaria, de cada unha das convocatorias que se publiquen, valerá como base xeral respectando en calquera caso os matices que afecten a cada unha das categorías. As convocatorias enviadas para publicar no DOG son as de conserxes (4 prazas), auxiliares de servizos (38 prazas), técnicos superiores de informática (2 prazas), técnicos de grao medio en informática (11 prazas) e técnicos especialistas en informática (10 prazas). Logo de indicar que se publicará tamén nos próximos días o concurso de traslados de PAS laboral, sinala que a Xerencia se comprometeu a enviar antes do 01 de novembro, para que informe o Comité de Empresa, as convocatorias que afectan a laboratorios, tanto do grupo I como do grupo III, así como as de telefonistas; e que se acordou o establecemento dun calendario de traballo, que incluírá a negociación do IV Convenio colectivo a principios de 2010, e así mesmo adiar unhas semanas a negociación da RPT do PAS laboral.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Secretario Xeral, quen informa dos nomeamentos realizados desde a última sesión do Consello de Goberno, que son os que figuran no [anexo IV](#).



2. Aprobación, se proceder, da acta da sesión ordinaria do 24 de xullo de 2009

Apróbase, por asentimento, a acta da sesión ordinaria do 24 de xullo de 2009, que estivo a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría dos seus respectivos centros e na Secretaría Xeral da Universidade.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o Sr. Secretario Xeral infórmaos dos 90 convenios que figuran no [anexo V](#), que se clasifican nesta ocasión en convenios marco (4), convenios específicos (23) e convenios para prácticas (63) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

Os convenios en cuestión son aprobados por asentimento.

4. Licenzas

Logo da intervención do Sr. Vicerreitor de Profesorado, en que dá conta da solicitude presentada para os efectos de concesión de licenzas que figura no [anexo VI](#), apróbase por asentimento a solicitude en cuestión.

5. Profesores honorarios

O Sr. Vicerreitor de Profesorado dá conta da relación de profesores que solicitaron a xubilación voluntaria e que desexan continuar na nosa universidade como profesores honorarios. A relación, que figura no [anexo VII](#), apróbase por asentimento.

6. Venias docentes

Logo da intervención do Sr. Vicerreitor de Profesorado, en que dá conta da relación de solicitudes presentadas para os efectos de concesión de venias docentes que figura no [anexo VIII](#), apróbanse por asentimento as solicitudes en cuestión.

7. Cambio de dedicación



Logo da intervención do Sr. Vicerreitor de Profesorado, en que dá conta da solicitude presentada para os efectos de cambio de dedicación que figura no [anexo IX](#), apróbase por asentimento a solicitude en cuestión.

Igualmente, apróbase a relación de cambios de área que figura no [anexo X](#).

8. Prazas de profesorado

Logo da intervención do Sr. Vicerreitor de Profesorado, en que dá conta da relación de prazas de profesorado que figura no [anexo XI](#) e da intervención do Sr. Ferreiro Baamonde quen se interesa polo sistema de cobertura de prazas a través da listaxe de agarda, apróbase por asentimento a relación en cuestión.

9. Programa de promoción dos contratados Parga Pondal

O Sr. Vicerreitor de Profesorado comeza a súa intervención sinalando que o programa de promoción dos contratados polo programa Isidro Parga Pondal, aprobado no Consello de Goberno do 23 de xullo de 2008, foi establecido para permitir que a Universidade da Coruña puidese planificar o seu cadro de profesorado coas incorporacións dos investigadores Parga Pondal ao remate do programa e evitar disfuncións e agravios comparativos. O programa en cuestión establece, con prudencia, un mínimo de dúas prazas de contratado doutor ou titular de universidade por ámbito de coñecemento, sobre a base de que actualmente a única posibilidade de estabilización é como profesor doutor permanente. O Sr. Vicerreitor sinala que as circunstancias actuais non son propicias para incrementar substancialmente este mínimo, tanto pola situación económica como polo cadro do profesorado das áreas afectadas. Logo de diversas reunións mantidas polas vicerreitorías de Investigación e de Profesorado co colectivo de persoas afectadas, cos directores de departamentos e centros da rama de ciencias experimentais, co Comité de Empresa, coa mesa sindical e coa Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP), o Sr. Vicerreitor de Profesorado preséntalles aos membros do Consello de Goberno a seguinte proposta: 1) procurar unha solución para os próximos tres anos, que é o tramo temporal en que se concentra a problemática do elevado número de persoas contratadas ao abeiro do programa Parga Pondal na rama de ciencias experimentais; 2) o incremento da Relación de Postos de Traballo (RPT) na area de coñecemento correspondente non pode superar ao final dos tres anos o tope máximo do 30%; 3) a creación de prazas que se propón ao Consello de Goberno deberá asegurar sempre a competitividade entre as persoas contratadas Parga Pondal, cando exista máis dunha persoa contratada por área de coñecemento, de



xeito que todas elas teñan a oportunidade de competir e o tribunal poida decidir obxectivamente quen é a persoa máis cualificada; e 4) as persoas contratadas Parga Pondal da área de Xeodinámica Externa, Edafoloxía e Química Agrícola e Estatigrafía serán tratadas como un todo en Ciencias da Terra.

Sobre a base de tales criterios, o Sr. Vicerreitor propón para a rama experimental: 1) crear para o ano 2009 unha praza de profesor contratado doutor en cada unha das áreas de Enxeñaría Química, Química Orgánica e Química Inorgánica; 2) crear para o ano 2010 unha praza de contratado doutor en cada unha das áreas de Química Orgánica, Química Inorgánica, Xenética e unha de Ciencias da Terra, logo de que a COAP analice o currículo de cada unha das persoas que cumpren os requisitos da convocatoria para, en función destes, decidir a área de coñecemento do concurso; e 3) crear para o ano 2011 unha praza de contratado doutor en cada unha das áreas de Química Orgánica, Química Inorgánica, Ecoloxía e unha en Ciencias da Terra nos mesmos termos que os establecidos para o anterior. E no resto das ramas de coñecemento, o programa en vigor asegura a creación de prazas suficientes sempre que se reúnan os requisitos, propoñendo crear para o ano 2009 unha praza de contratado doutor nas áreas de Filosofía do Dereito e Enxeñaría Mecánica.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participan o Sr. Portela Fernández e o Sr. Fernández Cervantes.

Coa abstención da Sra. González Martínez e os Sres. Portela Fernández e Fernández López, apróbanse as propostas do programa de promoción das persoas contratadas polo programa Isidro Parga Pondal, que figuran no [anexo XII](#).

10. Modificación orzamentaria

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen dá conta da proposta de modificación orzamentaria que figura no [anexo XIII](#).

Apróbase por asentimento esta proposta de modificación orzamentaria.

11. Aprobación de mestrados universitarios

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen dá conta das propostas de mestrados universitarios que figura no [anexo XIV](#). Trátase dunha relación de catro propostas, das que unha é unha



proposta de implantación dun novo mestrado interuniversitario e as tres restantes son de modificación de mestrados universitarios xa implantados.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participan a Sra. López Fernández e o Sr. Valderruten Vidal, quen alertan de certos erros na relacións, e da Sra. González Martínez, quen se interesa pola posta en vigor de tales mestrados. Tamén participa o Sr. Pena Agras, quen manifesta que non é correcto que se modifiquen os nomes ou denominacións dos mestrados, como está a pasar, con base nunhas fichas que aínda non existen formalmente.

Apróbanse por asentimento tales propostas de mestrados universitarios, que figuran no [anexo XV](#), logo de seren corrixidos os erros advertidos.

12. Estudos propios de posgrao

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen dá conta das solicitudes de renovación de estudos propios de posgrado que figuran no [anexo XVI](#).

Apróbanse por asentimento tales solicitudes de renovación de estudos propios de posgrao, logo dunha quenda de intervencións en que participa o Sr. Casteleiro Maldonado.

13. Premios extraordinarios de doutoramento 2007/2008

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Investigación, quen dá conta da relación de premios extraordinarios de doutoramento correspondentes ao curso académico 2007/2008, que figura no [anexo XVII](#).

Apróbase por asentimento a concesión de premios extraordinarios ás persoas que figuran no mencionado anexo.

14. Bolsas propias

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais. En cumprimento do Regulamento de bolsas e do acordo do anterior Consello de Goberno, a Sra. Vicerreitora informa de que a Comisión de Extensión Universitaria na súa reunión do 19 de outubro, logo de estudar o desenvolvemento do programa de bolsas propias da UDC, acadou os acordos seguintes a respecto da duración, das horas semanais e da contía das axuda.



Primeiro, manter para este curso as mesmas condicións que o pasado canto ás bolsas de colaboración de departamentos e tarefas bibliográficas, a saber: bolsas de 5 meses (xaneiro/maio); 8 horas de colaboración e formación no caso dos departamentos e 6 horas no caso de tarefas bibliográficas; contía axustada ao incremento aplicable a esta partida. Segundo, converxer en todos os demais casos na duración (axustada ao calendario académico, pois será de outubro a xuño), nas horas semanais (6, 8 ou 10 horas) e na contía da axuda (un máximo de 360 euros, co incremento correspondente, aplicable proporcionalmente á variación entre 6 e 8 horas). E terceiro, publicar nunha convocatoria única, cos seus correspondentes anexos, o conxunto das bolsas previstas para o curso. A Sra. Vicerreitora remata a súa intervención puntualizando que, ao ser este un ano de transición, haberá que publicar como mínimo dúas convocatorias.

15. Protocolo gripe A

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais, quen presenta ao Consello de Goberno, para a súa aprobación, o plano de continxencia que figura no [anexo XVIII](#), que foi elaborado polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais da UDC para garantir o funcionamento das actividades académicas, no caso de que así fose necesario, no contexto da situación xerada pola gripe A. A Sra. Vicerreitora insiste en que, como institución académica, a Universidade da Coruña non ten competencias en materia de saúde e que o papel da UDC consiste en manter a información actualizada e seguir as instrucións que ditasen as autoridades sanitarias. Agradécelle á Consellería de Sanidade a súa colaboración na achega do material de divulgación das medidas de prevención destinado a centros e servizos da Universidade da Coruña.

Ábrese unha quenda de intervencións, en que participan a Sra. López Poza, o Sr. Fernández Cervantes e o Sr. Portela Fernández.

Coa abstención do Sr. Ferreiro Baamonde, apróbase o protocolo da gripe A que figura no citado anexo.

16. Quenda aberta de intervencións

Toma a palabra o Sr. Portela Fernández, quen comeza a súa intervención tratando o asunto das bolsas propias da Universidade da Coruña. Declárase a favor das bolsas sempre e cando sexan exclusivamente de formación e non se empreguen para cubrir postos de traballo que corresponde desempeñar ao persoal de



administración e servizos, por esta razón considera positiva a redución dos horarios, mais sempre e cando isto non sirva para continuar utilizando esta figura de xeito perverso, cubrindo postos cuxas actividades debería estar realizando o persoal de administración e servizos. Neste sentido, alerta tamén da posible utilización fraudulenta desta redución cubrindo a xornada completa do persoal de administración e servizos a través do emprego de tres persoas bolseiras no lugar dunha soa.

Igualmente, centra a súa intervención en temas que lle afectan ao persoal de administración e servizos laboral, cuxa situación entende que é crítica, como proba o dato que da relación de postos de traballo non se publicou ningunha convocatoria, a pesar de que xa están pactadas desde xullo as que afectan ás conserxarías e á informática, á parte doutros factores que profundan nesta situación tales como o intrusismo profesional que supón o emprego de bolseiros en postos do persoal de administración e servizos e as externalizacións e contratos precarios como os do tipo Labora e de acumulación de tarefas. Por esta razón entende que o Sr. Reitor non está a cumprir o compromiso de profesionalizar a xestión que viña no seu programa electoral, mais tamén nos Estatutos da Universidade da Coruña, que establecen a negociación da relación de postos de traballo cada dous anos. Considera, ademais, que todo isto se agrava polo cesamento por petición propia do Sr. Xerente, que provocou máis atrasos, por esta razón solicita unha vez máis que se estabilice a situación na Xerencia da Universidade da Coruña, que se habiliten os postos necesarios para que se poida superar esta situación deficitaria e que se nomee, incluso de xeito provisorio, a alguén para que se ocupe exclusivamente de resolver todo o que queda pendente en materias que afectan ao persoal laboral de administración e servizos.

O Sr. Portela Fernández segue no uso da palabra para declararse contrario á figura dos contratos programa, dado que na práctica totalidade dos casos incentívanse tarefas que son propias do posto de traballo, e considera necesario que para edicións posteriores se trate o tema coa representación do persoal de administración e servizos antes de publicar a convocatoria. Logo de amosar a súa sorpresa pola apertura das aulas de estudo, que entende que debería ser notificado ao Comité de Empresa, o Sr. Portela Fernández remata a súa intervención tratando o tema da mobilidade do persoal de administración e servizos, solicitando que se amplíen os prazos de estadía e se realicen máis cursos de idiomas para facilitar a mobilidade, pois trátase de estadías que contribúen á formación.



En resposta, toma a palabra o Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, en ausencia da Sr. Vicerreitora de Calidade e Novas Tecnoloxías, quen considera que non debe haber solapamento nas actividades dos contratos programa coas actividades do servizo, pois así se recolle nas propias convocatorias dos contratos programas, en que se pide unha declaración da xefatura do servizo neste sentido. Remata sinalando que as convocatorias dos contratos programa cambian cada ano tendo en conta as necesidades de mellora que se advirten e que se está en disposición de manter reunións cos representantes dos traballos, con presenza incluso da Xerencia, para analizar e estudar as convocatorias de contratos programas. Igualmente, toma a palabra a Sra. Vicexerente do Campus da Coruña para indicarlle que as bolsas de mobilidade do persoal de administración e servizos non son convocadas pola Xerencia, que ten información do tema cando informa positivamente a solicitude de autorización da persoa que obtivo a bolsa, quen de antemán xa ten coñecemento do lugar a que vai e dos idiomas que alí se falan. Logo de indicar que a Universidade da Coruña oferta cursos de idiomas para todos os membros da comunidade universitaria, incluído o persoal de administración e servizos, sinala que a respecto da ampliación dos horarios das aulas de estudo que non hai ampliación do horario do persoal de administración e servizos, porque tal ampliación é cuberta por persoal externo da Universidade da Coruña, ademais de que legalmente non se pode cubrir ao día de hoxe con persoal propio porque o Convenio colectivo non recolle horas fóra do establecido polo propio convenio. Todo isto explica, segundo indica a Sra. Vicerexente do Campus da Coruña, que non se lle comunicase ao Comité de Empresa, que ten dereito a recibir información e comunicacións en temas que afectan ao persoal laboral de administración e servizos, que non é o caso aquí, pois non se trata dun tema que implique a tal colectivo de traballadores. A Sra. Vicexerente remata sinalando que a relación de postos de traballo que afecta ao persoal laboral de administración e servizos se está a executar e que xa hai convocatorias enviadas para a súa publicación que son froito do acordo coa representación dos traballadores. Igualmente intervén neste tema a Vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais para indicar que a duración das estadias nas bolsas de mobilidade que poden gozar tanto o persoal docente e investigador como o persoal de administración e servizos non son fixadas pola Universidade da Coruña senón pola normativa europea que resulta de aplicación. Remata esta quenda o Sr. Reitor sinalando que é certo que hai atraso na execución da relación de postos de traballo do persoal laboral de administración e servizos, de que non só é responsable a Universidade da Coruña, senón tamén a propia representación dos traballadores, que rexistrou certos problemas internos na súa organización, aínda que, en todo caso, o que importa agora é que se está a executar con todas as



convocatorias que están en tramitación, precisamente logo da negociación dun novo convenio colectivo.

O Sr. Portela Fernández toma de novo a palabra para indicar que no caso concreto da apertura das aulas de estudo fóra do horario habitual pode haber outras alternativas que o Comité de Empresa terá que estudar, tendo coñecemento deste asunto, loxicamente. Reitera a necesidade de incrementar os efectivos na Xerencia, pois os acordos acadados no mes de xullo aínda non están publicados oficialmente, que é algo que evidencia esta necesidade de reforzos. En resposta, o Sr. Reitor indícalle que se están a adoptar as medidas necesarias para reforzar con apoios a Xerencia da nosa universidade.

Toma a palabra o Sr. Fernández López, quen se interesa polo número de persoas que están sendo retribuídas con cargo ao capítulo VI dos orzamentos da Universidade da Coruña. En resposta, a Sra. Vicerreitora de Investigación sinálalle que un número que oscila entre 400 e 500 persoas e que se trata dun tema que non afecta só á Universidade da Coruña, dado que non deixa de ser un tema estrutural nas universidades públicas. O Sr. Fernández López considera que se trata dunha cifra moi elevada e que habería que adoptar algún tipo de medida ao respecto, pensando sempre nos intereses da Universidade da Coruña e nos das propias persoas contratadas con cargo ao citado capítulo. Remata a súa intervención amosando a súa desconformidade co tratamento que se lles dá ás persoas contratadas con cargo ao programa Isidro Parga Pondal, que non teñen outros colectivos da Universidade da Coruña, dado que é discriminatorio desde o momento en que elas teñen saídas e tales outros colectivos non.

Toma a palabra o Sr. Casteleiro Maldonado, quen efectúa unha serie de consideracións sobre o protocolo da gripe A, sinalando que talvez habería que ter outro específico sobre a gripe estacional, que ten maior impacto. Tamén se interesa polo calendario dos cursos de doutoramento relacionados no punto da orde do día desta sesión, sobre *Informe do Reitor*, ao que lle responde a Sra. Vicerreitora de Investigación que se está sobre o asunto. Na súa quenda, o Sr. Casteleiro Maldonado interésase por unha partida económica relacionada coa campaña *O teu futuro en boas mans* que foi retirada do seu centro por non se efectuar o gasto no prazo establecido para tales efectos. E remata a súa intervención querendo deixar constancia expresa dunha queixa sobre o proceso que se está a seguir para as obras do edificio que van compartir o seu centro coa Facultade de Informática, do que apenas ten información e cuxa materialización non só está ocasionando problemas agora, porque se está a construír na zona que había habilitada como aparcadoiro, senón logo de que estea rematado, dado que



no novo edificio non haberá espazos habilitados como aparcadoiro e non se recollen na actualidade modificacións do proxecto para evitar tales eivas.

Toma a palabra a Sra. López Fernández, quen non só insiste na necesidade de que se resolvan os problemas de seguridade viaria que hai na Facultade de Filoloxía, senón que tamén se ofrece para falar directamente coas institucións competentes na materia, dado que xa son numerosas as ocasións en que manifestou a citada necesidade. Remata a súa intervención coa convocatoria dos contratos programa, que non comparte en todo o relativo aos centros, dado que as condicións e os obxectivos fixados para o seu caso supoñen un agravio comparativo a respecto do requirido para departamentos, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos.

Toma a palabra o Sr. Vizcaíno Hermida, quen se interesa polo aparcadoiro da Zapateira que está ao lado da Facultade de Ciencias e pola política de bolsas que se está a levar a cabo desde o Ministerio, incidindo no número mínimo de créditos para a súa solicitude e o impacto da nova estrutura das titulacións sobre esta materia.

Toma a palabra a Sra. Tuset Castro, que se centra nos prezos públicos do Centro de Linguas, que son elevados e que chocan coas novas titulacións de graos en que se esixe un nivel de coñecemento de idiomas do B2. En resposta, o Sr. Reitor indícalle que na Universidade da Coruña esta esixencia só existe no mestrado de secundaria e que xa se están a adoptar medidas sobre tales prezos públicos. Tamén intervén o Sr. Pena Agras para saber se se poden esixir maiores coñecementos de idiomas ao estudantado, ao que lle responde a Sra. Vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais que non é posible, resultando só viable para o caso de materias moi concretas.

Toma a palabra o Sr. Castrillo Neira, quen solicita paso de peóns na Zapateira e gratuidade do desprazamento nos buses da Compañía de Tranvías da Coruña que van de Elviña á Zapateira, dado que actualmente se cobra e non ten sentido. O Sr. Reitor indícalle que non se cobra se é prolongación dunha viaxe xa iniciada, mais con todo sinálalle tamén que se pode falar de novo para negociar outro sistema, aínda que será algo complicado.

Toma a palabra o Sr. Pena Agras para facer chegar unha recomendación do Departamento de Enxeñaría Naval e Oceánica en relación coa docencia das materias nas titulacións en que está implicado este departamento, dado que non hai ningunha condición específica relacionada con tales titulacións para acceder á



docencia, determinando que o docente non sexa o máis cualificado por non ter coñecementos específicos da titulación en que se está a impartir docencia. Precisamente por isto pídelles ao Sr. Reitor que as prazas que se teñan que convocar conteñan requisitos específicos de titulacións e que o citado departamento poida especificar cales deben ser as titulacións requiridas para acceder ás prazas en cuestión. Remata a súa intervención aludindo aos concursantes que proveñen de universidades privadas e aos distintos sistemas de baremación existentes.

Toma a palabra o Sr. Fernández Cervantes, quen centra a súa intervención nas necesidades de espazo que se evidencian no seu centro, que esixen redimensionar principalmente as aulas e os despachos do seu centro, por causa da adaptación da súa titulación ao Espazo Europeo de Educación Superior. Trátase de necesidades que xa se puxeron de manifesto no proxecto de grao presentado no seu día, por esta razón solicita que trate este tema coa máxima dilixencia e brevidade que sexan posibles, dado que afecta tanto ao estudantado como ao profesorado.

Remata a quenda de intervencións o Sr. García Hurtado, quen na súa intervención igualmente repara en temas relacionados con espazos do seu centro, concretamente polo lugar onde está situado o Departamento de Humanidades, que está adscrito formalmente á Facultade de Humanidades, aínda que fisicamente se encontra no edificio do Salón de Actos e Despachos. Considera oportuno aclarar a quen pertence este espazo de cara á resolución de certos problemas que xorden.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:36 horas.